

COMENTARIO DE PAISAXE URBANA



1. UNIDADES MORFOLÓXICAS DA PAISAXE

A imaxe corresponde a un espazo xeográfico que serve de **asentamento humano** cuxo emprazamento ten lugar nas marxes dun río. A organización do espazo e a tipoloxía de vivenda, edificios de varias alturas e, en consecuencia, unha alta densidade de construción e de poboación, indica que se trata dun poboamento urbano, **unha cidade**, na que podemos diferenciar distintas unidades morfolóxicas ou **zonas homoxéneas con distintos usos**:

1.1. ZONA RESIDENCIAL, formada por edificios de varias alturas construídos en **trama compacta**, é dicir pegados uns aos outros, cuxa función é principalmente **residencial**: vivenda, e **terciaria**: comercios, oficinas etc.

1.2. ESTADIO VIVENTE CALDERÓN, situado ao fondo da imaxe para a celebración das competicións deportivas, o fútbol, deporte moi seguido en todo o Estado.

1.3. ZONA VERDE, integrada por unha superficie de arborado, un pequeno bosque, dentro da cidade, que lle serve de pulmón, e de lugar de lecer e descanso.

1.4. UN RÍO, canalizado polo home, cuxas marxes se encontran en obras. Trátase do río **Manzanares ao seu paso pola cidade de Madrid**. A canalización do río ten impactos medioambientais bastante negativos, e, tendo en conta o carácter irregular das precipitacións en el clima Mediterráneo, un risco importante e o desbordamento e o perigo de inundación con motivo de precipitacións de forte intensidade orixinadas por “gotas frías”.

2. TRANSFORMACIÓNS RECENTES

As marxes do río están en obras, que se están facendo para **soterrar a M-30 mediante túneles ao seu paso pola ribeira do Manzanares** e dedicar o seu espazo a **bulevares**, en definitiva, unha remodelación na organización do espazo, dentro dos planos urbanísticos da cidade de Madrid, con o conseguinte cambio nos usos do solo. Preténdese con isto, **solucionar os problemas de conxestión do tráfico**, pois a M-30 é unha estrada de circunvalación que rodea o centro “la almendra” da cidade, moi transitada, que facilita a comunicación centro-periferia, pois ten enlaces

ás radiais de carácter nacional (as autovías que coñecemos como A-1, A-2, A-3, A-4, A-5) e, ao mesmo tempo, **reducir a contaminación acústica**, así como **aumentar as zonas verdes, de servizos e lecer** dentro da cidade.

3. MANIFESTACIÓNS ESPACIAIS DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS E DO POBOAMENTO

A cidade se defínese por varias características:

a) A súa alta **densidade de poboación e construción**.

b) A **actividade dos seus habitantes** está dedicada principalmente aos **sectores secundario e terciario**. En consecuencia, as manifestacións espaciais son **os usos** que se fan do solo para que sirvan aos cidadáns como lugar de **vivenda, traballo, desprazamento e lecer**, tendendo actualmente á zonificación de espazos segundo os seus usos en **zonas residenciais, industriais, actividades terciarias, espazos verdes**, etc.

A imaxe representa unha zona residencial, con posibles **actividades terciarias e zonas verdes**, na que as vías de comunicación se soterraron para crear, no seu lugar, un espazo de actividades terciarias e de lecer para os cidadáns.